

Reunión grupos Monte Alto (30/05/2012):

- 1) Interbarrios
 - 2) Asamblea 7 de Xuño, boletín
 - 3) Próximas accións
 - 4) Varios
-

1) Interbarrios

Infórmase do que se falou na última reunión da Rede. No referente ós problemas de comunicación (eliminación no blog da Rede de enlaces ós blogs de asambleas), pediráse ó grupo de Comunicación transversal que se encargue de restablecer os devanditos enlaces. Reitérase que é inaceptable o uso das ferramentas comunicativas comúns para lanzar insultos e descalificacións. Enténdese que son problemas que minan o bó funcionamento da Rede.

Foro da Débeda: faltou información por parte do grupo transversal que estaba a traballar nese aspecto, as asambleas non estaban ben informadas. Mandáronse invitacións para participar no debate final do foro a algúns sindicatos e partidos coa intención de achegar a sectores críticos. A meirande parte da asamblea considera que é unha decisión errónea por seren un foro aberto, polo que se entende que de ter invitado a alguén habería que invitar a todos (“ou todos ou ningún”). Propónse como criterio para novos eventos que se organicen desde o 15M que non se invite nunca a partidos e no caso dos sindicatos, invitalos a todos ou a ningún. Incídese no carácter aberto e apartidista do movemento.

Asúmese o erro por parte do grupo transversal encargado de organizar este evento (enténdese que para intentar arranxar este erro, se tome a decisión que se tome, produciráse unha incoherencia coas bases do movemento), e desde a asamblea de Monte Alto apóiase a celebración do Foro da Débeda.

2) Asamblea 7 de Xuño, boletín

Mandarase un mail a Fran e Maite para consultar se o boletín está listo.

Orde do día: lectura do manifesto do 12M, próximas actividades (Foro da Débeda), información sobre o traballo da asamblea a nivel local (Coruña en Loita, espazos públicos, troco, pequeno comercio), micro aberto. A intención para esta asamblea, como xa se establecera en anteriores reunións, será que a xente participe, opine e propoña.

3) Próximas accións:

- Proposta da Repichoca para o seu mercadinho solidario: hai que confirmar coa asamblea de Agra a posibilidade de levar cousas que haxa do troco.
- Charla Ateneo Republicano: charla-presentación do libro “Cárceles e exilios”, o día 12 de Xuño ás 20h na Fundación Paideia. Queda por decidir se se apoia este acto.
- Manifestación pola Sanidade (plataforma SOS Sanidade Pública): o 3 de Xuño ás 12h na Alameda, en Santiago; acórdase quedar ás 10.30 fronte á asociación de veciños de Monte Alto para repartirse en coches.
- Orgullo Gay: é o 16 de Xuño, a única celebración é a patrocinada polo Concello (outros anos houbera unha alternativa organizada por colectivos LGTB críticos). Enténdese que a propia celebración é unha forma de reivindicación, aínda que sexa festiva. Brân dubida da carga política da mesma. Acórdase revisar en profundidade o programa.

4) **Varios**: non hai, péchase a asamblea.